

INFORMACIÓN AULAS PT E AL

Estimadas familias:

As mestras de PT e AL queremos sumarnos ao enorme esforzo que están a realizar os nosos compañeiros/as dos diferentes niveis, aportando tamén, unha serie de recomendacións xerais e uns recursos educativos para facer un pouco máis fácil o tempo indefinido que imos estar en corentena.

Dado que o traballo que realizamos a diario con cada un deles, céntrase en aspectos moi específicos, consideramos que nesta situación de excepcionalidade, sería suficiente con seguir na medida que as familias o consideren, as recomendacións xerais citadas a continuación así como as pautas marcadas polo mestre/a do seu nivel.

O fundamental é pasar tempo xuntos/as, estar ``presentes``... agora é o importante: tempo sen saír para superar esta situación de emerxencia. Así mesmo, convén establecer rutinas, por exemplo, podedes facer un cadro/horario de rutinas (conxuntamente con eles) con debuxos ou pictogramas.

Non fai falta que lles enchades a axenda de actividades e propostas, será bo reunirvos todos os membros da familia; organizade o día: qué tarefas se van facer, qué responsabilidades terá cada un como: recoller despois de xogar, facer a cama, colaborar nas tarefas da casa... (son todas estas actividades moi completas para desenvolver o cerebro e a execución motriz e que ademáis fomentarán a súa autonomía)

- **Actividades varias:** lectura, manualidades, música, dramatizacións, crear espazos e dispoñer de materiais para o xogo libre...
- **Actividade física:** se podedes aproveitar o patio ou finca para tomar o aire estupendo, senón: xogos de psicomotricidade, ioga, xogos con pelotas, con globos, estatuas musicais, bailes, inventar coreografías..
- **Actividades de motricidade fina:** colorear, picar, ensartar, recortar, dobrar...
- **Actividades para reforzar a memoria dun xeito lúdico:**
 - Reproducir unha serie de palabras aumentando cada vez unha palabra máis.
 - Memorizar poemas, cancións...

- Realizar Memories.
- Repetición de movementos feitos por outro membro da familia.

- **Actividades para potenciar a atención:**
 - Buscar diferenzas
 - Completar debuxos
 - Atopar parellas
 - Sopas de letras

- **Praxes e sopro:**
 - Xogar diante do espello coa lingua en diferentes posicións.
 - Sopro con palliñas, con algodón, con pelotas...

- **Reforzar as producións correctas da fala mediante:**
 - Descrición de imaxes.
 - Verbalización de tarefas realizadas na casa.
 - Narración de historias.
 - Lectura en voz alta.

A continuación, tendes algúns enlaces por se necesitas unha axudiña en certos momentos...de tipo música e/ou ioga...

MÚSICA

MARÍA FUMACA:

<https://www.youtube.com/user/sonarboretv/playlists>

MAGÍN BLANCO:

https://www.youtube.com/results?search_query=magin+blanco

PABLO DÍAZ:

https://www.youtube.com/watch?v=IIYE2k7ru2E&list=OLAK5uy_ID-Phx-%0AZyccLxXNS_77c_2qKb0Ou3vVww

A GRAMOLA GOMINOLA:

https://www.youtube.com/watch?v=tOaG_eFGRB4&list=OLAK5uy_lo2gSCGzkgSe0j9WkuLVgZ%0Apo_nnvWXT8o

UXÍA LAMBONA E BANDA MOLONA:

<https://www.youtube.com/channel/UCUd4p5q1RctezprJuep6TWA/playlists>

IOGA:

<https://www.yogic.com.ar/>

<https://www.youtube.com/watch?v=VYrT5t8STjI>

<https://www.youtube.com/watch?v=nNbRQX8yJWs>

VÍDEO DE IDEAS FACILONAS PARA FACER NA CASA E MOVERSE:

https://www.google.com/url?q=https%3A%2F%2Fwww.instagram.com%2Ftv%2FB9wFGw_ov9T%2F%3Figshid%3D99bbuajs0csx&sa=D&sntz=1&usg=AFQjCNEeHPpW8HF7XiuN5jJt8QkxLRx1A

Seguro que tendes 20000 ideas e vos chegan recursos, actividades, vídeos, chistes...por iso tamén queremos facer unha recomendación: evitade a ansiedade que xeran eses dispositivos.

MOITO ÁNIMO!!